



Paraiso
entre
Ríos

“O teu Concello infórmate”



Comezo das obras do Local Social de Quintas

Por un total de **126.242,12 €**, comezou a construción do Local Social de Quintas, dando resposta así á demanda dos veciños desta parroquia que en breves datas van a poder disfrutar dun espazo adaptado para reunións e actos públicos.

Esta nova infraestrutura estase a construír no campo da festa de Quintas, ó carón da pista polideportiva descuberta; un lugar no que os veciños viñan a realizar distintas celebracións e no que agora van a poder programar outro tipo de eventos independentemente da climatoloxía.

As salas coas que vai a contar están pensadas para cubrir as distintas necesidades da parroquia; celebración de reunións, charlas, festividades e todo tipo de actos culturais, serán os que encherán de contido este local polo que o Alcalde tivo que loitar ante distintos Organismos Públicos a fin de conseguir a subvención necesaria para facelo unha realidade.

Financiado a través da Deputación de A Coruña mediante subvención nominativa, vai a completar as infraestruturas municipais das parroquias de Paderne que axudan a potenciar a convivencia veciñal.

Conciliamos

Este ano o Concello volveu a por en marcha as «Aulas de Conciliación» que son un servizo especializado de atención a menores en período vacacional financiado pola Deputación de A Coruña.

Dirixidas a menores de entre 3 e 12 anos, están concebidas como unha medida de apoio ás familias nas que ambos proxenitores traballan.

Xogos, informática e actividades lúdicas relacionadas co medio ambiente, foron algúns dos contidos que se estiveron a desenvolver ata o comezo do curso escolar.



Familias participantes nas Aulas de Conciliación



O Alcalde no acto de toma de posesión como Deputado Provincial

Elección do Alcalde como Deputado Provincial

O pasado día 12 de xullo, un mes despois de comezar a súa cuarta legislatura, o Alcalde tomou posesión como novo deputado provincial polo grupo socialista na Deputación de A Coruña.

Co apoio unánime do seu partido, nesta nova etapa cargada de traballo, estrea unha nova faceta na que está disposto a loitar polos intereses do municipio e os do grupo político que representa contribuíndo co seu esforzo á mellora deste Organismo público.

O Alcalde de Paderne reelixido Vicepresidente do Grupo de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos (GDR)

Tamén o pasado 20 de xullo, o Alcalde foi reelixido por unanimidade vicepresidente do Grupo de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos.

Constituído en xullo de 2008 coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación.

O seu obxectivo final é a valorización do territorio incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local.

Día da Familia

O Día da Familia veuse a celebrar en Paderne cunha ampla representación das familias de tódalas parroquias do Concello xuntando en O Telleiro a un milleiro de persoas que pasaron unha agradable xornada cos seus amigos e veciños.

As familias empezaron a chegar coa súa comida ás 13:00 h enchendo as mesas que o Concello dispuxo para a celebración. Todos puideron participar da degustación de caza e viño previa á comida, momento que aproveitou o Alcalde para dirixir unhas palabras ós presentes.

Ás 16:30 h comezaron as actividades para grandes e pequenos con opcións para tódolos gustos e idades; partidas de cartas, parchís e dominó polas mesas e, no exterior, desde xogos tradicionais como a ra, a petanca, bolos ou a chave ata xogos o pañuelo, a pita cega ou partidos, ademais de inchables, o toro mecánico e a festa da espuma.

A música, tanto a tradicional como a de baile, foi outro dos atractivos que axudou a pasar unha entrañable xornada ata ben entrada a noite, que foi cando se degustou a tradicional queimada e se botaron os fogos artificiais, completando así outro gran éxito en Paderne.



As familias de Paderne durante a celebración desta festa

Actividades extraescolares curso 2011-2012

O Concello segue apostando pola formación dos rapaces coa oferta das actividades extraescolares.

As opcións para este curso son as seguintes:

NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Baloncesto 5 - 6	Psicomotricidade 5 - 6	Fútbol Sala Infantís e Cadetes 5 - 6	Fútbol Sala Alevíns e Benxamíns 5 - 7	Tenis e Bádminton 5 - 6
Fútbol Sala Xuvenís e Senior 9 - 11	Fútbol Sala Benxamíns 6 - 7	Fútbol Sala Xuvenís e Senior 9 - 11		Fútbol Sala Infantís e Cadetes 6 - 8

NA CASA DO CONCELLO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Inglés Primaria 4.30 - 5.30	Inglés Infantil 4 - 5	Inglés Infantil 4.30 - 5.30	Informática Infantil 4.30 - 5.30	Informática G-1 5.30 - 6.30
Inglés Primaria 5.30 - 6.30				Informática G-2 6.30 - 7.30
Inglés E.S.O. 6.30 - 8.30	Informática Infantil 5 - 6			Informática G-3 7.30 - 8.30

COMEZAN O DÍA 10 DE OUTUBRO

O prazo para apuntarse remata o día 30 de setembro

As actividades son gratuítas e só para rapaces e rapazas empadroados no Concello de Paderne

Presentación das actividades extraescolares

Vai a ter lugar o día **4 de outubro ás 20:30 h**, o Alcalde realizará esta presentación no Salón de Sesións da Casa do Concello. A ela deben acudir os rapaces inscritos; coñecerán ós monitores e o calendario de actividades a desenvolver durante o curso. Este día os pais asinarán tamén a autorización que permita ós menores asistir ás mesmas.

Seguimos mantendo o esforzo por proporcionar ós escolares de Paderne e ás súas familias recursos e facilidades para a educación, apostando pola cultura e a formación dos nosos fillos nunha distribución de recursos que facilite ás familias a optimización da súa propia economía.

*Aproveita este esforzo que realiza o Concello
na educación dos teus fillos*

Actividades de adultos curso 2011-2012

O día 5 de outubro ás 20:30 h, o Alcalde realizará a presentación das actividades de adultos no Salón de Sesións da Casa do Concello.

A esta presentación deben acudir tódalas persoas inscritas; nela coñecerán ós monitores encargados de desenvolver as actividades nas que van a participar e poderán resolver dúbidas sobre as mesmas.

Vanse a desenvolver nos locais sociais das distintas parroquias e son as seguintes:

NA CASA DO CONCELLO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Aeróbic 9 - 10	Inglés Básico 6.30 - 8	Inglés Avanzado 6.30 - 8	Ximnasia de Mantemento 7.30 - 8.15	Manualidades 6 - 8
	Ximnasia de Mantemento 7.30 - 8.15	Cestería 7 - 9		Pilates 8.15 - 9.15
			Informática Perfeccionamento 8.15 - 9.15	Aeróbic 9 - 10

NO LOCAL DE AREAS	NO LOCAL DE VIÑAS			
XOVES	LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pintura e Manualidades 8.30 - 10.30	Pintura 4 - 6	Ximnasia de Mantemento 7.15 - 8	Cestería 6.30 - 8.30	Pilates 7 - 8
	Ximnasia de Mantemento 7.15 - 8			

NO LOCAL DE VIGO		NO LOCAL DE VELOUZÁS		
XOVES	VENRES	LUNS	MARTES	MÉRCORES
Pintura e Manualidades 6 - 8	Cestería 7.30 - 9.30	Ximnasia de Mantemento 6.15 - 7	Bailes de Salón 9 - 10	Ximnasia de Mantemento 6.15 - 7

NO LOCAL DE VILAMOUREL	NO LOCAL DE SOUTO			
Ó ser un local de nova creación vaise a manter unha reunión cos veciños previa á oferta das actividades	LUNS	MARTES	MÉRCORES	VENRES
		Ximnasia de Mantemento 8.15 - 9	Cestería 9 - 11	Ximnasia de Mantemento 8.15 - 9

As actividades vanse a impartir nos meses de outubro a maio.

O prazo para apuntarse remata o 30 de setembro.

Só para persoas empadroadas no Concello de Paderne.

Actividades do Centro de Maiores para o curso 2011-2012

Dirixidas a persoas maiores de 65 anos e pensionistas maiores de 60. As persoas participantes que non posúan o CARNÉ DE SOCIO/A do Centro de Maiores, adquirirano coa súa participación.

Obradoiro de Memoria

Nel os participantes adestrarán as habilidades de memoria a través de exercicios de atención, concentración ou razoamento.

Datas e lugares: determinaranse unha vez recollidas tódalas inscricións. Preténdese realizar obradoiros deste tipo en tódalas parroquias.

Data límite para anotarse: 30 de setembro.

Obradoiro de Teléfono Móbil

Os participantes recibirán instrucións sobre o funcionamento do teléfono móbil.

Datas: martes pola tarde do 11 ó 25 de outubro.

Lugar: Centro de Maiores.

Data límite para anotarse: 30 de setembro.

Obradoiro de Introducción a Internet

Ensinarase ós participantes noções básicas sobre o funcionamento dun ordenador e o acceso a internet.

Datas: os martes pola tarde do 8 ó 29 de novembro.

Lugar: aula de informática.

Tardes de lecer (no Centro de Maiores)

Xogos de azar: segundo e cuarto xoves de mes.

Xogos tradicionais (petanca, bolos, tres en raia): primeiro e terceiro xoves de mes.

Merendas especiais (preparadas polos socios e socias do Centro): tódolos mércores.

Actividades variadas: WWi, xogos de cartas dirixidos, dinámica de grupo... tódolos venres.

Servizo de Podoloxía

Recórdase a tódolos socios que este servizo está á súa disposición nos seguintes horarios:

Luns de 10:15 a 13:00 horas e de 16:00 a 19:15 horas.

Martes de 16:00 a 19:15 horas.

Xoves de 9:00 a 13:30 horas

Os interesados deben solicitar a súa cita persoalmente, no Centro de Maiores, ou por teléfono nas Oficinas Municipais.

Diríxese exclusivamente ós socios que superen os 65 anos ou sexan pensionistas e maiores de 60 (no caso de cónxuxe de socio/a, debe superar os 60 anos e non atoparse en situación de alta en ningún réxime da seguridade social).

No caso de cumprir estes requisitos e non dispoñer aínda do carné de socio/a, poden solicitalo no Centro de Maiores.

Mellora e acondicionamento do Local de Areas

A Deputación de A Coruña, concedeu unha subvención de 9.496 € para a realización de obras de mellora do local situado na planta alta da escola de Educación Infantil de Areas, destinado a usos culturais e lúdicos. Estas obras están destinadas á mellora das súas condicións de habitabilidade e á seguridade das instalacións.

Mellora e acondicionamento na Polideportiva Municipal en Viñas

Por un importe de 3.796 €, recibíuse outra subvención da Deputación de A Coruña para o pintado de zócalos interiores e zona de vestiarios, así como de reposición de vidros e colocación de baixantes de pluviais.

Nota informativa regularización edificacións sen licencia

Pola presente infórmase que a nova Lei 2/210 do 25 de marzo modificadora da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia 9/2002, e a instrucción 2/2011 do 12 de abril aplicadora da mesma, introduce a posibilidade dun método de constancia e regularización rexistral, que non legalización, de edificacións sen Licencia ou autorización autonómica preceptiva.

Por esto e ata o 19 de abril de 2012 os interesados propietarios de edificacións e construcións realizadas sen licencia ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto dos cales no momento da entrada en vigor da Lei 2/2010 transcorrera o prazo de 6 anos sen que a Administración adoitara ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, **quedarán incorporadas ao patrimonio do titular e suxeitas ao réxime legal previsto no artigo 103º.2 da LOUGA**, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado, se ben o propietario haberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total achegando anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o plan vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Os que desexen recibir maior información poden acudir á oficina de obras públicas e urbanismo do Concello

Nota informativa novos valores catastrais a inmobles

Resultando que a Dirección Xeral do Catastro comezará o proceso de notificación dos novos valores catastrais asignados aos inmobles, sen prexuízo de que os interesados xa poidan acceder persoalmente mediante os seus propios medios electrónicos a tales notificacións, o Concello de Paderne que conta cun Punto de Información Catastral (PIC), pon a disposición dos cidadáns que o desexen, a posibilidade de obter tales notificacións comparecendo ante o Punto de Información Catastral coa clave concertada que previamente lle remitirá a Dirección Xeral do Catastro ou, de selo caso, que a solicite ante tal Organismo para comparecer ante o Concello mediante a súa presentación.

A comparecencia para ser notificados electronicamente nos PIC, poderá levarse a cabo ata o 28 de outubro de 2011, segundo os municipios e os procedementos.

Axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito dos Camiños de Santiago 1ª Fase – Programa de áreas de rehabilitación integral do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012

¿Quen pode solicitar estas axudas?

Poden solicitalas as persoas físicas que promovan obras para rehabilitación, xa sexa individualmente ou a través de propietarios, e que reúnan os requisitos establecidos en canto a titularidade, destino da vivenda e, de ser o caso, ingresos familiares.

¿Para que tipo de obras?

As recollidas no artigo 45.2 do RD 2066/2008, tanto para obras dentro da vivenda como para o exterior (edificio)

¿Prazo?

Dende a publicación da convocatoria ata o 1 de decembro de 2011.

¿Solicitudes?

Nos modelos normalizados que se xuntan coa convocatoria. Se o promotor é unha comunidade de propietarios, ademais, deben entregar a relación de vivendas e titulares que participarán na promoción.

Requisitos dos promotores.-

Ingresos: Cando se trate da rehabilitación de elementos privativos dos edificios-vivendas, os ingresos familiares ponderados non poderán exceder de 6,5 veces o IPREM (IPREM 2010: 7.455,14 €)

Promotores e membros da unidade familiar: Persoas físicas. Poden actuar individualmente ou a través dunha comunidade de propietarios. Deben contar con título suficiente para poder actuar como promo-

tor das obras. Non poden incorrer nas prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 10/2007, de subvencións de Galicia.

Deben estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e sociais.

Condicións dos inmobles e das obras.-

Situación: O inmovible ten que estar no ámbito do ARI dos Camiños de Santiago. No Concello de Paderne as parroquias incluídas son as de Souto e Viñas. Coa solicitude deberase xuntar un informe do Concello no que se indique que a vivenda está situada no ámbito específico.

Actuacións protexidas:

- **Obras no edificio (exterior).**- Para a mellora da seguridade. Para a mellora da estanquidade. Para a mellora da accesibilidade. Para a mellora das enerxías renovables. Para a mellora da eficiencia enerxética.
- **Obras nas vivendas (interior).**- Para a mellora da habitabilidade. Para a mellora da seguridade. Para a mellora da accesibilidade. Para a mellora da eficiencia enerxética

Orzamento protexible.-

O importe das obras. Incúense tódolos gastos necesarios, menos gastos financeiros.

- **Límite máximo:** Prezo básico nacional por metro cadrado útil de vivenda (En 2011 = 758 €). Máximo protexible 90 m² útiles por vivenda.
- **Mínimo:** 1.000 € por vivenda.

Antigüidade.-

Os inmobles deberán ter como mínimo 10 anos.

Destino.-

Debe destinarse a domicilio habitual e permanente durante, polo menos, 5 anos.

Beneficiarios.-

Poderán resultar beneficiarias das subvencións as persoas físicas promotoras das actuacións de rehabilitación, no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os que se establecen na convocatoria e nas súas bases e que obteñan a cualificación definitiva das obras.

Cando a cualificación definitiva das obras sexa outorgada a unha comunidade de propietarios, poderán resultar beneficiarias as persoas físicas, membros da comunidade, que participaron nas obras, en función da porcentaxe de participación que figura na cualificación provisional.

Non poderán resultar beneficiarios cando obtivesen financiamento ou axudas para as mesmas actuacións nos 10 anos anteriores.

Gasto subvencionable.-

Considérase gasto subvencionable o orzamento das actuacións que figure na cualificación definitiva, sempre que quede xustificado o seu pagamento efectivo.

Xustificación do gasto subvencionable.-

Corresponde ao promotor das actuacións. Deberase achegar, debidamente cuberta, a relación de facturas e os seus respectivos documentos bancarios de pagamento, así como as súas facturas e xustificantes.

Non son admisibles xustificacións de pagamento en efectivo.

Contías.-

Con cargo a fondos finalistas do Ministerio de Fomento: 40 % do gasto subvencionable ata un máximo de 5.000 €.

Con cargo a fondos propios do IGVS: 40 % do gasto subvencionable ata un máximo de 5.000 €.

Incompatibilidade.-

Estas axudas son incompatibles coas axudas establecidas no programa RENOVE do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

Os que desexen recibir maior información poden acudir á oficina de obras públicas e urbanismo do Concello

Excursión a Ferrol e San Andrés de Teixido

O Concello de Paderne, despois do descanso do verán, comeza co programa «Paderne en Familia» para tódalas persoas empadroadas no Concello.

Será o vindeiro día **18 de setembro** ás localidades de **Ferrol** e **San Andrés de Teixido**.

Na cidade de Ferrol está previsto visitar o Museo Naval e a Exposición Nacional de Construción Naval.

Os buses comezarán ás 9:00 horas a recoller ás persoas polas distintas parroquias. Os interesados teñen de prazo ata o día 14 de setembro; o importe será de **25 €** por persoa.

Balneoterapia (Proxecto coidarse no 2011)

Comeza de novo a actividade de balneoterapia no balneario de Guitiriz. Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A primeira visita desta nova tempada vaise a realizar o **venres 7 de outubro** coa saída da Casa do Concello ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o día 4 de outubro para solicitar a súa participación.

A Promoción da Igualdade en Paderne

O Concello de Paderne, comprometido coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como na prevención e tratamento integral da violencia de xénero, ven de recibir unha axuda da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia polo importe de 5.820 € para o desenvolvemento de programas e actividades que promovan, desde as primeiras idades, unha educación en valores, non sexista e que incida no respecto ós demais e na axuda mutua.

Con esta axuda vanse a desenvolver os obradoiros de coeducación, xa iniciados en anos anteriores, para as tres etapas escolares e de maior duración que os realizados ata o de agora. O que se persegue é seguir sensibilizando á comunidade educativa municipal e ás familias dos menores que a integran, sobre a importancia de promover unha educación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres dun xeito transversal contribuíndo, desde o goberno municipal, a educar en valores ós nosos cidadáns.

UNED Senior

Tras catro anos de andadura, apóiase novamente o proxecto da **UNED SENIOR** para que tódalas persoas maiores de 52 anos do Concello, con independencia da súa formación previa, poidan formarse en distintas temáticas co respaldo da UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA.

Para o primeiro catrimestre do curso cóntase coas seguintes materias:

MÚSICA E/OU MÚSICA GALEGA

NOVAS TÉCNICAS E MEDICAMENTOS

HISTORIA DE GALICIA; impartida por Felipe Senén (os martes pola tarde)

Anímase a tódalas persoas maiores de 52 anos a participar desta novidosa iniciativa.

O día **23 de setembro**, ás **20:00 horas**, realizarase unha reunión na Casa do Concello. Nela proporcionarase información sobre todo o relativo a esta iniciativa.